

Texto publicado no suplemento *Nordesia* do *Diario de Ferrol*, o día 29 de abril de 2007.-

## **Zeca Afonso, fillo da madrugada**

*“É o músico quem protesta, não a canção”*  
(José Afonso)

Corría o día vinte e cinco e abril de 1974 e un grupo de militares comandado por Otelo Saraiva de Carvalho instalárase de xeito segredo no cuartel de Pontinha, en Lisboa. Ás doce e vinte da noite, segundo o acordado, *Rádio Renascença* retransmitía a canción “*Grândola Vila Morena*” (*O povo é quem mais ordena / dentro de ti, ó cidade*). Era o derradeiro sinal para que dese comezo o levantamento militar máis pacífico, pero non por iso menos efectivo, que coñeceu a máis recente historia do mundo, un golpe de estado chamado a pasar á historia como *Revolução dos Cravos* e que había de servir para liberar Portugal dos corenta e oito anos da ditadura instaurada por Oliveira Salazar e continuada por Marcelo Caetano. Foi a revolución dos milleiros de persoas nas rúas a repartiren caraveis vermellos entre os soldados sublevados para que os puxeran nas bocas de tanques e fusís nun estoupido de alegría popular. Poucas horas faltaban para que se abrisen as portas dos cárceres da sinistra PIDE, a policía política do réxime salazarista, e os presos políticos puidesen volver pisar as rúas.

O compositor da canción que acabaría convertida nese sinal para que comezase a *Revolução*, inspirado durante un concerto na sociedade musical *Fraternidade Operária Grandolense*, foi José Manuel Cerqueira Afonso dos Santos, José ou Zeca Afonso (Aveiro 1929 – Setúbal 1987), ese Zeca que vivira os seus primeiros anos na casa do seu tío Xico, republicano e

anticlerical, porque seus pais residían na colonia portuguesa de Angola, xa que un dos puntais da ditadura de Salazar baseábase precisamente na negación da independencia das colonias. Ese mesmo Zeca que se trasladou ao país africano para facer estudos primarios antes de que a familia se trasladase a Mozambique. Ese Zeca que había regresar a Portugal, á casa do tío Filomeno, alcalde da localidade de Belmonte e salazarista de pro, con quen conviviría até por fin instalarse na cidade de Coimbra para proseguir os seus estudos, mentres os pais e irmáns vivían no Timor ocupado polos xaponeses até o remate da II Guerra Mundial. O mesmo Zeca que comezara a dar serenatas de fados tradicionais e a participar na vida bohemia dos estudantes de Coimbra, onde formou parte na tuna universitaria, onde xogou ao fútbol e onde casou por vez primeira, e tamén de onde partiu cara a Angola e Mozambique cunha comitiva do Orfeón Universitario, onde gravou os seus primeiros discos de fados e onde rematou a carreira na Facultade de Letras cunha tese sobre Jean Paul Sartre. O mesmo Zeca que se trasladaría despois por diferentes vilas e cidades como profesor de secundaria e que compatibilizaría a súa profesión coa música sen deixar de editar discos, de dar concertos con grupos de guitarras e de facer pequenas xiras por Angola e por diferentes países de Europa. O mesmo Zeca que casou con Zélia, a que había de ser para sempre a súa compañeira, o que regresou de xeito temporal a Mozambique para loitar contra o sistema colonial., o Zeca que actuaba en medios populares e en colectividades obreiras de esquerdas, o Zeca achegado ao Partido Comunista e expulsado do ensino oficial polo réxime de Salazar, o Zeca que nunca deixaría de apoiar movementos sindicais e de estudantes coa súa música e cos seus discos, os máis deles

prohibidos ou censurados, o Zeca antidivo por excelencia que foi unha das grandes glorias de Portugal pero ficou abandonado nas súas horas máis baixas por moitos que lle debían todo canto eran.

En marzo de 1974 os militares escolleran a canción de "*Grândola Vila Morena*" para o inicio da revolución durante un concerto no *Coliseu de Lisboa*, a onde o Zeca, xa con certas dificultades por mor da enfermidade que acabaría coa súa vida, volvería no ano 1983, rodeado dos seus máis inseparábeis amigos para interpretaren xuntos moitos dos temas que por mérito propio ocupan un lugar de seu no imaxinario colectivo de toda unha xeración e na historia da mellor música portuguesa: "*Os Vampiros*" (Eles comem tudo e não deixam nada), "*Maio, maduro Maio*" (Maio maduro Maio, quem te pintou?). "*Um Homem Novo*", "*Venham mais cinco*", "*Os Índios da Meia-Praia*" (Pois é dele a sua história e o povo saiu á rua), "*Traz outro amigo também*", "*O que Faz Falta*" "*A Morte saiu à rua*" (dedicada a José Dias Coelho, pintor e escultor asasinado a tiros pola PIDE de día e en plena rúa: Teu corpo pertence à terra que te abraçou)...

Pioneiro na reivindicación das correntes musicais africanas, o Zeca dicía que para el a música non era un fin senón un medio para xuntar as persoas, para protestar, para denunciar, para criticar ou para celebrar as alegrías. Quizais por riso podemos pensar que está tan vivo como aquela primeira estrofa do seu "*Canto Moço*": Somos filhos da madrugada, / pelas praias do mar nos vamos / á procura de quem nos traga / verde oliva de flor no ramo. / Navegamos de vaga em vaga, / não soubemos de dor nem mágoa. / Pelas praias do mar nos vamos / À procura de manhã clara.

